



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DECRETO APROBACION CONTRATO MENOR AULAS DE CONCILIACIÓN VERÁN 2021

**D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE,**

Considerando que existe a necesidade de dispor dun servizo de atención a menores fora do horario escolar, especialmente nos períodos vacacionais, para garantir a igualdade no seno familiar na conciliación laboral familiar,

Vista a solicitude de subvención ao abeiro da *RESOLUCIÓN do 2 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021*

Visto o certificado de existencia de crédito da Intervención,

Vista a aprobación do gasto necesario e a iniciación da contratación para o servizo de aulas de conciliación,

### **RESOLVO:**

- 1- Aprobar as seguintes bases para a participación dos interesados:

#### **“BASES DO SERVIZO DE AULAS DE CONCILIACIÓN VERÁN 2021**

#### **OBXECTO**

*O obxecto destas bases é o de organizar o desenvolvemento das Aulas de conciliación verán 2021, para proporcionar aos nenos e nenas do Concello de Paderne de entre 3 e 7 (Nados nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017) unha alternativa de lecer cunha dobre finalidade: a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias; e a de ofrecer un espazo de esparcemento para nenas e nenos en igualdade de oportunidades.*

#### **ACTIVIDADES**

*As actividades terán como eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos, a través de iniciativas lúdicas de ocio e tempo libre (xogos, obradoiros, etc.).*

*A través do xogo cooperativo trataranse valores de respecto, igualdade de oportunidades, resolución de conflitos e o fomento da nosa cultura e lingua galega.*

#### **PRZAS E DESENVOLVEMENTO DAS AULAS VERÁN 2021**

*O número máximo de participantes, dada a situación sanitaria actual, e segundo a normativa en vigor na data de realización destas bases, será de 10 menores por quenda.*



Atendendo á situación sanitaria actual, e como medida preventiva, deberase proceder ao uso de mascarilla por parte dos menores participantes nos momentos nos que, por cuestións meteorolóxicas, deban de permanecer no interior, segundo a lexislación vixente.

### **LUGAR, DATA E HORARIOS**

As aulas de conciliación desenvolverase nas dependencias do Concello, Centro de maiores, aula de actividades e parque anexo ao concello, e para facilitar en maior medida a conciliación laboral e familiar, realizaranse 2 quendas diferenciadas, de luns a venres agás festivos, do seguinte xeito:

1ª quenda: do 5 ao 30 de xullo.

2ª quenda: do 2 ao 31 de agosto

Entrada: Flexible entre as 8.30 e as 10.00h.

Hora da recollida: Flexible entre as 13:30 horas e as 14:30 horas.

### **REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

As actividades aulas de conciliación verán 2021 estará dirixida aso nenos e nenas que teñan unha idade comprendida entre os 3 e os 7 anos (Nados nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017)

Quen teña unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderá participar nesta convocatoria sempre que posúa a capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lle permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

### **CRITERIOS DE SELECCIÓN**

As solicitudes seleccionaranse por estrita orde de presentación de instancias seguindo as seguinte prioridade:

\* Terán prioridade de acceso aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores teñan vixente unha **relación laboral**, acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias, ou estean realizando un curso do plan de formación en horario de mañá impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor

Unha vez cubertas o máximo de 20 prazas ofertadas o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda.

Perderase o dereito á praza nas Aulas de Conciliación verán 2021 no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar.

### **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**



As persoas interesadas en participar no programa deberán presentar a seguinte documentación no prazo indicado, preferiblemente por rexistro electrónico do Concello de Paderne, podendo presentalo igualmente no rexistro presencial.

- a) *Solicitud QUE FIGURA COMO ANEXO I A ESTAS BASES.*
- b) *Fotocopia do DNI do/a menor*
- c) *Fotocopia da tarxeta sanitaria*
- c) *Fotocopia do DNI do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de participación*
- e) *Fotocopia do libro de Familia*
- f) *No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo*
- g) *No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.*
- e) *Vida laboral dos proxenitores ou certificado de realización de curso de formación emitido pola entidade que imparte.*

#### **PRAZO DE INSCRIPCIÓN**

Os prazo de inscrición será o seguinte para todas as quendas:

Do 22 ao 27 de xuño, ambos día incluídos.

#### **PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS**

A listaxe provisional de admitidos/as publicarase o mércores 29 de xuño e poderase consultar na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello. No caso de que tódolos menores foran admitidos, a listaxe será considerada definitiva.

As persoas solicitantes disporán de 2 días hábiles para presentar alegacións ao listaxe provisional”

- 2- Publicalas no taboleiro de edictos municipal electrónico e físico, así como na páxina web e demais medios de difusión municipal.
- 3- A prestación do servizo virá condicionada pola efectiva contratación das empresas prestadoras do mesmo.

Documento asinado electrónicamente.-

O Alcalde/Presidente

César Longo Queijo